

I FORO DE COPRODUCCIÓN INTERNACIONAL FKM.WORKS

15/10/2018

Lugar: Museo de Arte Contemporáneo Fundación Naturgy (MAC).
Avda. Arteixo, 171, 15008 A Coruña

10:00-10:15h Benvida

Panel internacional. Modelos de producción

10:15-10:45h Producir cinema de xénero

- Fabrice Lambot / Produtor en Kabo Family (Francia)

10:45.h-11:15h Coprodución España-América Latina

- Fernanda del Nido / CEO en Setembro Cine

11:15-11:45h Producir para o público

- Borja Pena / Produtor en Vaca Films

11:45-12:15h- Pausa Café

Panel internacional. Distribución e comercialización

12.15-12.45h Distribución Internacional de cinema de xénero

- Alberto Álvarez Aguilera / Responsable de vendas para Iberoamérica e Festival Manager en Reel Suspects (Francia)

12.45h-13.15h Compra de dereitos de cinema independente

- Francisco Rodríguez Prieto / Responsable da selección e compra de longametraxes en Movistar +

13.15-13:45h Foros de coprodución internacional especializados en Xénero. O BIF-MARKET

- Romain Roll / Director Xerente do BIF-Market do Festival Internacional de Cinema Fantástico de Bruxelas (BIFFF). (Luxemburgo)

A inscrición é gratuíta. Prégase enviar un correo para reserva de praza a fkameworks@fkmccine.org antes do 13 de outubro indicando nome e apelidos.

RELATORES

Fabrice Lambot

Produtor e director francés que traballa no grupo Kabo Family. Produciu en 2018 a serie *Mike* e a película *Peplum*. Está actualmente desenvolvendo unha serie de fantástico con Julien Maury e Alexandre Bustillo (*Inside*, *Leatherface*) dos cales producira previamente, con Metaluna Productions, a película *Aux Yeux des Vivants* (2014) e o segmento X de *ABCs of Death 2*. Tamén produciu as películas *The Theatre Bizarre* (VV.AA, 2011), *Ciencias Naturales* (Matías Lucchesi, 2014), *Dying God* (que dirixiu) e os documentais *Kirby at War* (Mark Azéma, Jean Depelly, 2017), *The OtherWorld* (Richard Stanley, 2013), *Super 8 Madness* (Fabrice Blin, 2014) e *Marvel 14: Les super-héros contre la censure* (Jean Depelley, Philippe Roure, 2009), Agora mesmo ten en desenvolvemento proxectos con Joe Dante, Douglas Buck e Abel Ferry.

Fernanda del Nido

Produtora de cine galega e profesora da Universidade de Vigo (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación), membro de EAVE e ACE. En 2014 fundou Setembro Cine co obxectivo de producir para o mercado internacional películas de identidade propia, que deixen pegada. Posúe unha gran experiencia en coproducións internacionais. Produciu varias películas de éxito internacional: *Una mujer fantástica* (Sebastián Lelio, 2017), gañadora do Óscar á Mellor Película de Fala Non Inglesa; *Princesita* (Marialy Rivas, 2017) estreada mundialmente en Toronto, e *Neruda* (Pablo Larraín, 2016) con estrea mundial en Cannes. Desde a súa anterior empresa Tic Tac Producións traballou con premiados directores como Julio Hernández Cordón (en *Polvero*, 2012), Sandra Sánchez (en *Tralas Luces*, 2011) e Jorge Coira (en *18 Comidas*).

Borja Pena

Produtor galego que comeza a súa carreira no audiovisual cando funda en 2001 Lorelei Producións con Xosé Zapata. En xaneiro de 2003 e xunto a Emma Lustres, crea a produtora audiovisual Vaca Films Studio, S.L. co obxectivo de converterse nunha produtora cinematográfica galega capaz de desenvolver e producir proxectos de calidade e éxito comercial destinados ao mercado nacional e con alta capacidade de internacionalización. Recentemente, fundou a filial Vaca TV, centrada en desenvolver proxectos ambiciosos no marco do auxe das plataformas dixitais e os novos mercados internacionais para a ficción televisiva. É ademais académico da EFA (Academia do Cinema Europeo).

Alberto Álvarez Aguilera

Responsable de vendas para España e Latinoamérica e xerente de festivais en Reel Suspects, unha distribuidora internacional de cinema con sede en París. Reel Suspects está especializada no cinema de xénero e de autor, entre cuxos éxitos recentes se inclúen *Demon* (Marcin Wrona, 2015), *Tenemos la carne* (Emiliano Rocha Minter, 2016) ou *Vanishing Waves* (Kristina Buozyte, 2011). Previamente, desempeñara diversos cargos en publicidade e plataformas web tras licenciarse en Comunicación Audiovisual pola Universidade Complutense de Madrid. A continuación, trasladouse a Francia, onde obtivo un Máster en Comunicación Dixital na Universidade de París VIII e especializouse na distribución internacional de cinema.

Francisco Rodríguez Prieto

Experto en cine e programador. Estudou produción na ECAM. Traballou en Canal Satélite Digital nas canles Cinemanía e, posteriormente, en Canal +, en tarefas de selección de cinema, onde, entre outros traballos, participou na creación e lanzamento de Canal+ Xtra, posteriormente Movistar Xtra. Co nacemento de Movistar+ pasou a ser o responsable único de toda a selección de longametraxes da plataforma. Paralelamente, e usando o pseudónimo "Paco Fox", desenvolveu unha actividade creativa como blogueiro, escritor, *podcaster*, presentador do seu propio programa de humor en vivo, produtor do Festival de Cine Malo de Madrid "CutreCon". Tamén codirixiu e protagonizou a película *CineBasura: La Peli*.

Romain Roll

Nacido «no mesmo berce que o bebé de Rosemary», está fascinado especialmente polas películas de xénero desde que era un neno. É o director xerente do BIF-Market (o primeiro mercado cinematográfico dedicado só a cinema de xénero) que terá lugar por terceira vez durante o 37o Festival Internacional de Cinema Fantástico de Bruxelas, en abril de 2019 (BIFFF). Romain está involucrado na industria fantástica do cinema desde hai case 30 anos. Durante 10 anos dirixiu o Cinénygma Luxembourg International Film Festival. Actuou no *thriller* de Paul Burrow *Nature Morte* e en *The Strange Color of your Body's Tears* de Hélène Cattet e Bruno Forzani. Tamén é produtor e produtor executivo independente en Luxemburgo.



Festival de Cinema Fantástico da Coruña

